

## TIPOS DE TEXTOS

TIPOS DE TEXTO	FINALIDADE DO TEXTO	LINGUA	ESTRUTURA	SUBTIPOS DE TEXTO
Expositivos	Explican e desenvolven un tema para ampliar os coñecementos do receptor.	-Vocabulario preciso. -Tecnicismos.	-Introdución. -Desenvolvemento. -Conclusión.	- <u>Divulgativos</u> : os receptores non precisan coñecementos previos sobre o tema. Ex.: libros de texto. - <u>Especializados</u> : requírese un nivel de coñecemento previo elevado. Ex.: textos sobre medicina, dereito...
Instrutivos	Diríxenlle unha acción ao receptor.	-Vocabulario preciso e conciso. -Emprego de verbos en imperativo ( <i>coloca, insire...</i> ). -Uso de perífrases de obriga (ter + que + infinitivo; hai + que + infinitivo; deber + infinitivo).	-Título. -Materiais ou ingredientes que se van usar na acción que se vai desenvolver. -Procedemento ou preparación do que se vai realizar. Esta información organízase en pasos.	- <u>Manuais</u> de aparellos electrónicos, por exemplo. - <u>Prospectos farmacéuticos</u> . - <u>Recetas</u> de cociña. - <u>Normas e regulamentos</u> .

Xornalísticos	Informan: <u>textos informativos</u> .	Obxectividade, claridade e concisión.	-Titular. -Entrada: nela concéntranse os aspectos básicos do texto. -Corpo textual: recolle a información.	- <u>Noticia</u> (responde ás seguintes preguntas: quen?, que?, onde?, cando?, como? e por que?). - <u>Reportaxe</u> (máis extenso ca a noticia, require dun importante labor documental).
	Dan unha opinión: <u>textos de opinión</u> .	-Emprego de formas verbais como <i>querer, deber, ser preciso, ser necesario, ser conveniente...</i> -Conectores textuais con valor argumentativo: <i>pero, non obstante, en cambio...</i>	- Tese: idea que se defende. - Corpo argumentativo: razóns que se achegan para defender a tese. - Conclusión: reafirmación da tese.	- <u>Artigo de opinión</u> (representa a opinión dalgún ou dalgunha xornalista ou profesional doutro medio sobre un tema de actualidade). - <u>Editorial</u> (representa a opinión do medio de comunicación que corresponda sobre un tema de actualidade).
	Mesturan a información coa opinión: <u>textos mixtos</u> .	Reúnen características lingüísticas dos outros dous.	Dependerá do subtipo de texto mixto que sexa.	- <u>Entrevista</u> : estrutúrase en <u>introdución</u> (preséntase o personaxe), <u>corpo</u> (preguntas e respostas), <u>peche</u> (sintetiza e recolle os datos relevantes). <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>De declaracións</u>: busca a opinión do ou da entrevistada.</li> <li>• <u>De personalidade</u>: afonda na dimensión humana do personaxe.</li> </ul> - <u>Crónica</u> : noticia ampliada e comentada con interpretación do ou da xornalista. Primeiro este ou esta conta os feitos e logo analízaos.

Literarios	Pretenden contar unha historia (narrativa e teatro) e/ou expresar sentimentos, emocións, sensacións..., utilizando as palabras esteticamente (poesía).	-Predominio da linguaxe connotativa con abundantes recursos estilísticos (sobre todo na poesía). -Pode haber alteracións sintácticas, eliminación de conectores, invención de palabras....	Dependerá do tipo de texto literario que sexa.	<p>-<u>Textos narrativos</u> (nunha extensión variable e en prosa, a figura do narrador conta unha historia que lles sucede a uns personaxes nun lugar e nun tempo determinados). Os subxéneros narrativos son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Novela.</u></li> <li>• <u>Conto.</u></li> <li>• <u>Lenda.</u></li> <li>• <u>Fábula.</u></li> </ul> <p>-<u>Textos poéticos</u> (habitualmente son breves, escritos en verso, neles a voz lírica expresa sentimentos, emocións, sensacións..., empregando unha linguaxe bela e facendo uso da rima e do ritmo para outorgarlle musicalidade á composición).</p> <p>-<u>Textos teatrais</u> (poden aparecer en prosa ou e verso e a historia dos personaxes coñécese a través do diálogo, están pensados para representárense diante dun público). Os subxéneros teatrais son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Traxedia.</u></li> <li>• <u>Comedia.</u></li> <li>• <u>Drama.</u></li> </ul>
Textos xurídico-administrativos	Establecen comunicación entre a Administración Pública e a cidadanía e viceversa.	-Léxico especializado. -Sintaxe complexa cunha clara tendencia a alongar os períodos sintácticos.	Cada documento ten a súa estrutura e esta é fixa.	<p>-<u>Xurídicos</u>: lei, decreto, denuncia, sentenza...</p> <p>-<u>Administrativos</u>: instancia, acta, convocatoria...</p>

Textos publicitarios	Persuaden o público destinatario para que adquira un produto, utilice un servizo, adopte un determinado comportamento (non beber cando se conduce...), ou reciba información sobre cuestións concretas (campañas de vacinación...)	<p>-Na publicidade, a carón da palabra, cobran tanta importancia as imaxes ou a tipografía.</p> <p>-Utilízanse recursos expresivos (metáforas, hipérboles, personificacións, xogos de palabras, interrogacións retóricas...).</p> <p>- Empréganse enunciados imperativos e exclamativos.</p>	Nas mensaxes publicitarias ten que haber sempre o denominado slogan, ese texto curto que debe enganchar e co que o receptor acostuma quedar recoñecendo así o que se publicita.	<p>-Destinados a que o receptor adquira un <u>produto</u> ou un <u>servizo</u>.</p> <p>-Destinados a facer consciente a cidadanía da importancia de determinados <u>comportamentos</u> ou <u>hábitos</u>.</p> <p>-Destinados a informar sobre cuestións de <u>interese xeral</u>.</p>
Textos descritivos	Retratan seres vivos, obxectos, lugares, épocas... As descrições poden intercalarse en textos narrativos, expositivos...	<p>-Adxectivación frecuente.</p> <p>-Verbos de estado (<i>ser, estar, parecer...</i>) en presente ou copretérito de indicativo.</p> <p>-Figuras estilísticas como a metáfora, a comparación...</p>	<p>-Alusión, no inicio do texto, ao que se vai describir.</p> <p>-Análise das características do que se vai describir.</p> <p>-Comparación do que se está a describir con outro ou outros cos que garda semellanza.</p>	<p>-Segundo a <u>intención comunicativa</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Descrición obxectiva</u>: ofrece unha información clara e detallada por medio dunha linguaxe denotativa; úsase, principalmente, en textos científico-técnicos.</li> <li>• <u>Descrición subxectiva</u>: ofrece opinións, sentimentos e emocións a respecto do que se describe; emprégase, principalmente, nos textos literarios e publicitarios.</li> </ul> <p>-Segundo <u>o que se describe</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Prosopografía</u>: céntrase nas calidades físicas.</li> </ul>

				<ul style="list-style-type: none"><li>• <u>Etopea</u>: céntrase nos trazos psicolóxicos.</li><li>• <u>Retrato e autorretrato</u>: combínase a prosopografía e a etopea.</li><li>• <u>Caricatura</u>: esaxéranse as características físicas ou psicolóxicas.</li><li>• <u>Topografía</u>: descríbese un lugar.</li><li>• <u>Cronografía</u>: descríbese unha época histórica concreta.</li></ul>
--	--	--	--	---